

## Limiar. Do devalar á espiral

**Anxo Angueira**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2005]). “Limiar: Do devalar á espiral”. En Ramón Otero Pedrayo, *Bocarribeira*. Vigo: Galaxia, 7-18. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1103>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (2005). “Limiar: Do devalar á espiral”. En Ramón Otero Pedrayo, *Bocarribeira*. Vigo: Galaxia, 7-18.

\* Edición dispoñíbel desde o 11 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DO DEVALAR Á ESPIRAL

Certas son, e ben certas, as distancias de moi diversa índole que separaban Otero Pedrayo dos mozos de Brais Pinto que en 1958 quixeron inaugurar a súa colección editorial con *Bocarribeira*. Dous mundos, podía pensarse. Pois aínda así Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Ramón Lorenzo, Bautista Álvarez, Herminio Barreiro, Fernández Ferreiro, Reimundo Patiño, Alexandre Cribeiro e César Arias quixeron que á fronte da súa editora figurase un libro de poemas de Don Ramón. Non podía haber mellor arrimo e cobexo para a travesía deste proxecto renovador indispensábel que o potente capital simbólico do mestre e afouto resistente.

Dous mundos, ben certo, separados por medio século e tres ou catro xeracións. E así e todo tiña que haber poderosas interseccións para que eles, mociños de vinte anos, fosen xunto ó patriarca, de case setenta. Como tamén as tiña que haber para que este, de actividade poética esporádica, dá que os mozos só podían coñecerlos poemas que Fernández del Riego incluía na súa *Escolma de Poesía Galega. IV. Os Contemporáneos* de 1955, aceptase publica-lo seu único libro poético. E hai-nas, naturalmente que as hai.

En primeiro lugar, entre Otero Pedrayo e algúns dos Brais Pinto houbera trato persoal, especialmente cos que pasaran por Compostela. Se seguimos *Os anos escuros, I* (1985) de Franco Grande, o 11 de abril de 1956 un grupo de mozos —“unha xeración”— decide facerlle unha homenaxe ó seu regreso de Venezuela. Na lista dos asis-

tentes. ademais de Mourullo, Beiras e o propio Franco Grande. atopamos a Ramón Lorenzo e Méndez Ferrín, quen foi o encargado, por se-lo máis novo, de facerlle os honores do ofrecemento. Estes dous, por aquelas datas, eran tamén alumnos seus na Facultade de Filosofía e Letras de Compostela. Con poucas variacións probabelmente fose este mesmo grupo o que participaba, arredor do mestre, nas tertulias do Café Español na rúa do Vilar.

Que Otero sempre se mostrou pouco oufano da súa poesía sabémolo desde o coñecido “Non sum dignus” con que contestou a petición de Filgueira Valverde para incluír algún seu poema na antoloxía que andaba a preparar en 1935 e que acabou fanada polo fascismo. Sabemos, por outro lado, grazas a Alonso Montero e á súa indispensábel *Oteriana* (2000), que antes cós mozos de Brais Pinto, e antes de que a *Escolma* de Fernández del Riego fixese público e notábel poeta a Otero Pedrayo, xa Carballo Calero e Celso Emilio petaran na porta do ourensán. Eran sabedores, “espíritos antentos”, de que a súa produción poética non era anecdótica. Celso Emilio, en carta do 28 de xullo de 1949, solicítalle un poemario para a colección Benito Soto que el codirixe. Foi en balde, como baldías foron as tentativas que Carballo Calero apunta en *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea e Sete poetas galegos*, ámbalas obras publicadas en 1955, antes cá *Escolma* de del Riego.

¿Por que Otero non lles dá a mesma negativa a estes mociños? No libro de conversas *X.L. Méndez Ferrín* (1989) de Salgado e Casado, o autor de *Bretaña, Esmeraldina* explica que:

A historia é que falamos, discutimos sobre a conveniencia de facer unha colección de poesía moderna. E xa que os de Galaxia non lle publicaban as poesías de Otero Pedrayo, decidímosllas publicar nós. Escribinlle unha carta dicíndolle que mandase as poesías inéditas e, ó cabo dun tempo, contestoume que as tiña todas ciscadas, pero que García Sabell tiña un

caderniño seu de versíños, de cántigas que a ver se servían. Pedinllo a García Sabell e tiven que volverlle o orixinal. ¡non sei para que o quereda! O caso é que lle publicamos estas poesías de Otero e así saíu *Bocarribeira*.

Realmente resulta estraño que Galaxia non quixera publicarlle esta obra a Otero, moi estraño. O que realmente sucedía era que Galaxia por aqueles anos non publicaba poesía, se facémo-la excepción de Xohana Torres e o seu *Do sulco* (1957) na colección Illa Nova. Agora ben, si podemos entender que Otero privilexiase a petición dos mozos representantes dunha nova xeración coa que el estaba entusiasmado. Así nolo deixa moi claro *Os anos escuros, I*.

Inverno do 57. A mocidade que homenaxeara a Otero prepara agora un ciclo de conferencias no Círculo Mercantil de Compostela. Vaino abrir Uxío Novoneyra e vaino clausurar Xohana Torres. No medio intervirán López Nogueira, Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo, Alonso Montero, Xosé Manuel Beiras, Concheiro, Blanco Losada e Franco Grande. A presentación do ciclo correrá a cargo, naturalmente, de Otero. Pero este non pode asistir: morre súa nai Eladia. Iso si, quere dalgún xeito estar presente e envía tres holandesas manuscritas para seren lidas. Nelas pode lerse:

Penso na dita que houberan bagullado os ollos refrescos de infindos mares e roitas de Castela. Daniel dixo o seu “adeus” con chea fe na mocidade. (...) O meu corazón, o meu ser enteiro, cama apaixonada... está cos mozos, pois a eles debe, como a amizade dos mozos do seu tempo, a felicidade e recompensa das súas horas. Cústame bágoas non estar con eles, e eles ben o saben. Ben o saben Franco e Lugrís, Méndez Ferrín e Beiras, Concheiro e Mourullo, Vidán e os máis, ós que arestora enxergo rubindo contentes e graves ó coto croado pola luz inmorrente. ¡Eles chegarán onde nós non fomos cecais dignos de chegar!

Non eran, á fin, mundos tan distintos. Otero levaba continuamente consigo a Castela, e o común proxecto.

E os mozos e mozas desta xeración tiñan sede de Castela. E do Castela político, o de *Sempre en Galiza*, especialmente os de Brais Pinto. Velaí a intersección de pulsos, idades e xeracións: Castela. A bandeira de *Bocarribeira* á fronte da colección de poesía envolvía Nós e a República, o antifranquismo e Brais Pinto nun mesmo proxecto. Otero emprestáballe o seu capital simbólico ós mociños radicais nos que cría firmemente e estes, do mesmo xeito que Curros puxera a Añón, igualmente en Madrid e n' *O divino sainete*, á fronte da Santa Compañía nacional e en peregrinaxe indispensábel para quen queira saber dos fermentos do noso campo literario e do noso campo político, estes, digo, tamén puñan Otero Pedrayo e *Bocarribeira* á fronte da peregrinaxe que os había levar a unha das revolucións estéticas e políticas máis significativas da contemporaneidade.

Hai xa ben tempo, sobre todo desde a *Escolma* de Del Riego, que se sabe non só da veta, tamén da excelencia poética de Otero Pedrayo. Nas últimas décadas non se fixo máis que confirmar e aínda agrandar aquela expectativa, como pode seguirse na *Oteriana* de Alonso Montero xa citada. No número 52 de *Grial*, monográfico dedicado ó noso autor (1976), publícanse o longo e de alto alento “Pan galego” (que xa vira luz no número 1 da revista do Instituto Xelmírez -1946-), ó que parecen pertencer “Sementeira” e “Invernía”, e, máis breve e condensado, “Fiesta do norde”. En todo caso, series extraordinarias de hendecasílabos brancos. Filgueira Valverde aumenta ese mesmo ano o corpus publicando “Seis inéditos de Otero Pedrayo”, entre os que atopamos un poema en latín e unha longa serie de tercetos encadeados adicada a Filgueira e que comezan por “Ao lonxe a mar i-as dornas madrugueiras” (1943). *Dorna*, no seu número 4, recolle “Velahí un mollo de cravos liberdado”, asinado o 30 de setembro de 1974. Xosé Manuel Dasilva exhuma no *Boletín Galego de Literatura* 9 (1993), “Natal” e “Ourense; craro río, verde val”, poemas publicados en *El*

*Pueblo Gallego* en 1926 e 1932 respectivamente. Juan L. Blanco Valdés, na mesma revista (nº 19, 1998), publica o inédito “Terra miña. niño amante, doce acougo”, que Otero recitara ó pé da cova de Cabada Vázquez o 14 de outubro de 1962: seis sextinas, a derradeira prolongada, de hendecasílabos e heptasílabos onde Otero conxuga de xeito maxistral a corda elexíaca coa patriótica. Borobó n’*O reiseñor de Trasalba* (1997) e o propio Alonso Montero (1998 e 2000), publicando “Estadea”, poema de setembro do 36 que el entende como pranto polo Seminario de Estudos Galegos, “As palabras en crus”. “Laudes pro Sandoiro da Rosa-leda” e exhumando catro sonetos que Otero publicara en 1929 en Vila Nova da Famalicão, continuaron agrandando a veta e a excelencia. Proceso que aínda non rematou. Manuel Outeiriño deu a coñecer no número 40 d’*A trabe de ouro* (1999) tres longos e fermosísimos poemas en hendecasílabos brancos, sen datación, que levan por título “Ameneiros”, “A fonte das pombas” e “Pasos na noite” e que cualificou como baladas líricas. Xosé M. Salgado achegounos no número 30 do *Boletín Galego de Literatura* (2003) “Hoxe a primeira lus do vago outono”, trinta e cinco versos do mesmo feitío formal cós anteriores, datados en setembro do 45 e que se poden pór no ronsel d’*O libro dos amigos*, como el acertadamente fai, e tamén da mencionada “Estadea”.

Algunhas destas exhumacións e reedicións foron acompañadas de visitas ó Otero poeta que documentaron a importancia desta súa actividade, xa non menor. Así o fixeron os aquí citados Filgueira, Dasilva, Alonso Montero, Salgado, Outeiriño... E aínda outros autores se sumaron a este empeño: nun primeiro momento Carballo Calero, mais despois tamén Filgueira Valverde, Basilio Losada, Xosé Ramón Pena, Rodríguez Fer, Méndez Ferrín...

Mais en todos eles, salvo Basilio Losada, que lle aconsellaba ós poetas novos a lectura destes poemas

mínimos, “frolañas de finísimo artificio lírico”, da reivindicación de Otero poeta ficaba excluído o único libro que el accedera a publicar, non sendo poucos os que se apoiaron na humildade e timidez do subtítulo (*Poemas pra ler e queimar*) para faceren fáciles xogos irónicos. O propio Carballo Calero, que en 1955 saudara o labor poético do “Príncipe de Aquitania” decendo “Qué completa, qué humá, qué grave, qué ricaz, qué sabia, qué enxebre poesía”, entusiasmo que recollen os mozos de Brais Pinto ó reproduciren estas palabras “do máis seguro crítico da nosa literatura contemporánea” na lapela desta nosa obra, vai e na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1975), monumental e canónica, sementa o tópico e cobre o noso poeta destas grazas:

Otero Pedrayo ten escaso sentido do ritmo prosódico, de xeito que non era de agardar del un eficaz cincelado do verso. Así, unha dificultade técnica, unha aspreza de artesanía, pon obstáculos á fluidez musical do seu metro (...) A acentuación e o xogo de sinalefas e hiatos, cuia axeitada armonía esixe un dominio innato da versificación ou unha puntual laboriosidade de paciente ourive, non podían conseguirse con pleno éxito en Otero, escritor rápido e improvisador, pouco fino de ouvido.

Nós somos da idea que xa moitos comparten de que Otero é un grande poeta e de que *Bocarribeira*, carente de “empaque literario” para Carballo, é unha grande obra poética. Editada en Madrid pero impresa nas míticas Gráficas Numen de Vigo (onde se imprimira clandestinamente *Voz y voto* (1955) de Celso Emilio, onde se lle deu acubillo a *Da agra aberta* (1956) de Victoriano Taibo e vai ver luz (1962) *Longa noite de pedra*), deu rego para que *Poemas do home que quixo vivir* (Bernardino Graña, 1958), *A noite* (Xosé Fernández Ferreiro, 1959), *O que se foi perdendo* (Ramón Lorenzo, 1959) e *Acoitelado na espera* (Alexandre Criebeiro, 1960) tivesen o seu sulco. Aínda retirada do escaparate houbo poetas que dialogaron con ela: en “sabía o vento a

mazán” está “o vento de mazán que se desfraga” de “Reclamo a liberdade pró meu pobo”, Heriberto Bens e as *Follas de Resistencia Poética*; en “Acordou ben cedo a vella / pra peneirar a xiada” está o título de Xabier Cordal: *A vella peneira a noite* (2001).

*Bocarribeira*, un libro que leva dediante a palabra exclusivamente oteriana, que xa empregara n’*Os camiños da vida* e en *Devalar*, poño por caso. Unha palabra que Eladio Rodríguez no seu dicionario describe para Otero pero que despois alimentou a Delgado Gurriarán (“bocarribeira corgomesa / cinguida de barreiras e de soutos”, “meu Cógomo de Valdeorras é bocarribeira crara”) na *Galicia infinda* (1963) e tivo certo éxito: Ramón Piñeiro, Paz Andrade, Cortezón, Margarita Ledo, Augusto Pérez Alberti, Luís González Tosar, Ramón Villares...

Escolleu de primeiras Otero a verba-cifra do seu universo poético, da súa xeografía. *Bocarribeira* é xeografía, é terra no tempo, paisaxe. Podemos achegarnos á súa definición por varias páxinas da *Xeografía* (1962) oteriana. Aí fala da paisaxe singular da marxe esquerda e ourensá do río Miño: “A Peroxa, os Chaos e bocarribeiras, os ribeiros da Avia”. E como paisaxe singular de submontaña que preside a meda da Martiñá e que resolve dun xeito único e maino o afundimento cara ó Miño. Otero escolle para ela, por sensibilidade xeográfica, tamén este nome singular.

E se a Terra de Iria e Bergantiños, o Salnés e o Courel e a Terra Cha tiñan xa á altura de 1955 os seus poetas, Otero quixo con este libro darlle cidadanía literaria ós Chaos de Amoeiro, á bocarraibeira, á terra lixeira e areosa de pan e liño (“Nos Chaos de Amoeiro / —vento, pan, area”) que baixa desde a Martiñá e a Madanela, chairas de nós graníticos, coma o Rodeiro, e augas preguiceiras que axiña se precipitan polo Formigueiro ou Barbantiño abaixo cara o pai Miño. Aí é onde cómpre, desde o castro de Santa Adegá ó de Santo



André de Beiro, segundo o noso punto de vista, situa-las primeiras coordenadas do texto. É o que fai Otero é imitar a estes poetas novos de vinte anos, aprender d'*Os eidos* (1954) e da *Terra Cha* (1954), de Novoneyra e de Manuel María. Sobre todo do primeiro, do que fai unha poderosa gabanza ("heroica intransigencia con las reducciones literarias", di do courelao) no seu artigo "La palabra en el Caurel" publicado en *La Noche*, agosto do 54. Chegado ós relanzos dos setenta anos, Otero Pedrayo non só cre firmemente na nova xeración, é quen de beber dos mozos e de admirarse deles.

En *Bocarribeira* hai de *Os eidos*. E como de Pondal a Novoneyra (por Basilio Losada) a nosa poesía entrou a bucío nos topónimos, esa forza inequívoca e suxerente, este libro tenos chantados a oito, marcos que o definen, trincheira e mapa de Fontán. A paixase, a bocarribeira dos Chaos de Amoeiro non é sen Penouzoás, Pena Ferreira, Abruciños, Vedral, Valdariz, Cornoces, Vilerma, Albeiros, Cea, San Fiz, Barbantiño, Trasalba, Bóveda..., sen a vixía distante da Martiñá e do Paraño, do Avión e San Mamede.

Hai neste libro, tamén, aquel busca-lo colo das cantigas vellas de Manoel Antonio. Otero, por libre, heterométrico e heteroestrófico, ordena a música ó seu xeito, con ou sen rima, en oito ou sete ou seis sílabas. Pero en absoluto se pode falar de carencia de ouvido, de asperezas técnicas. É o lector o que ten que entregarse ó texto eliminando de si propio o lixo e o ruído de prosodias non galegófonas, dos seus hiatos e sinalefas preconcebidos: "Limpade os vidros pra que se non lixe!" Porque se en *Bocarribeira* nos dá Otero o universo da súa xeografía ("Chaos, herdades, camposas, / vieiros, ermos, soleiras") élle inseparábel, coma os topónimos e as personaxes que a poboan, a lingua do poeta, coa súa música senlleira, e a dos Chaos: tioupeira, lamestras, fachico, renchiños, carpanceiras, cinascos, camposas, liras, pardiñeiro, sura, toradón, cavoco, a zorro por a terra erma...

Torna o neopopular de Lorca e de Amado Carballo e as súas prosopopeas ó servizo do reencontro coa raíz. Mais esta é poesía poboada de personaxes do fondo terreo e oteriano (noutros lados son José de Parada), coma mesón dos ermos: a Xosefiña, a Prisca; o tío Manuel “Bimbastrón”, destouzador das ermanzas: a Parolas; Badoscas e Mazarocas; Dosinda de Leirafría —matrix, muller da erva, siña Sinforosa, Pepina en Manoel Antonio, “enxergar de frol de liño”—; o parvacholas do Outeiro: canteiros broncos; o fidalgo das Condomas e o cotra vella da Martinga... Aínda así, o formulismo imaxinista está ben presente ó longo da obra:

“¡Achega lume ó Paraño!”  
—fala o Avión á Martiñá—  
“que prá bica do poente  
hei de acender de mañá”

Pero tamén, e moito, claros signos evocadores do Cunqueiro de *Cantiga nova que se chama riveira* (“Amor de auga lixeira / muiñeira”) e do Lorca de “Remansos” (“Ciprés / agua estancada”). Así, “Enche o baleiro do morto / o vento”. Ou tamén

Fala dos vellos: vento no souto:  
fala das mozas: canta o regueiro:  
fala dos cregos: bruar do cachón:  
fala dos mortos: vento na ialma.

O vento. Lendo en *Bocarribeira* cremos dar con dous grandes *leit motiv* que organizan a estrutura simbólica do poemario. Un é o vento: batedor de portas en Penouzoás, nos Chaos, na Martiñá, fantasma, nordés ou norte, seiturador ou cabaleiro da inverniá e das montañas, resbante e trubador, maorazgo nos pazos do outono, onda dos agros de pan, cegador contra o baleiro do morto, *iceberg* das esenzas... Como moi ben soubo ver Xosé Manuel Dasilva a propósito de “Natal” (1926) e da súa fungante nordesía.

Otero concédelle unha enorme importancia ó vento na dinamización da paisaxe, próbano algúns magníficos parágrafos de “Ensaio encol do estilo da paisaxe” (Nós. 1933). En chuvia non, en néboa, xiada ou neve, o vento canta no inverno de Trasalba polos versos adiante de Otero, ledos unhas veces mais tamén nas súas sepulturas, sombra negra: “Trasalba: verde lus / nas pupilas de pedra, / e un vento nos agros / e nas vidas...”

E se o vento é espello do devalar telúrico da paisaxe, obra e destrución, o *das es* de Freud, os camiños e vieiros que percorren *Bocarribeira* son o devalar do ser humano pola terra, pola paisaxe mesma. Xa ten definido Otero os Chaos de Amoeiro coma un enreixado de camiños, tendo como principal o que vai do Miño a Cea e Tamallancos (do Ribeiro á Martiñá, coma no segundo poema). Velaí pois camiños, rúas e vieiros ruxindo areosos su a bota nova e truante do mozo ou pétreos de “alba pedra do Rodeiro, / dos meus pensamentos rúa / do meu sufrir compañeiro”, de lazo esvarante ou fino pisar, ou ponte onde trepan “os zocos xordos dos mortos” ou as xenas cara Valdariz:

Van a modiño os vieiros  
atoutiñando nos ermos;  
algús cansan como vidas  
e folgan pé dos outeiros:  
ensoan horas fuxidas  
nos tempos, ermos sin termos.

Poesía nominativa e fragmentaria que por veces semella leviá e souril:

En Bóveda de Amoeiro  
rolaba o trono das fontes  
e raiolaba o luceiro...

Mais o lector non debe enganarse. Detrás dos alegres hendecasílabos que lle fan á obra de presenteira (“... sol mañanceiro, parras de caíño, / eira soante, leda muiñaxe,

/ feiras raiosas, gosto do camiño”), escóndense estancias de triste mirto. É é que a sintaxe de *Bocarribeira* está gobernada por unha especie de retorno dinámico, polo oteriano *devalar*. O vento e os camiños dos Chaos de Amoeiro van do ledó ó triste e saudoso, do outro ó eu, do presente ó pasado, da “balada do luar nos craros Chaos” ós “duros ermos onde a morte acena”. Por iso, indo cara o final, onde medra o hendecasílabo branco e prodixioso, como a “neve rosa” do pomareiro, e a “neve, nevisca, neviña”, avanza o xogo de luces e sombras e de vida e morte. Un latexar vibrante nos poemas derradeiros. A alegría comunal da restreba (“Vén o cantar da seitura, / chega o cantar seitureiro. / lediza de frol e sura / por os Chaos de Amoeiro”) é o dunha recolección, dunha ceifa esterrecente. O vento, a pedra e a néboa apagan morto, foxa e val mais a tebra non choe o corazón. E súpeto un insólito ti: “Foi o teu silencio. E non outro”. Coma se Otero recollese e empuñase a mesma pena coa que vén de escribi-la derradeira páxina d’*O libro dos amigos* (Castelao) ou *Por os vieiros da saudade* (máis outra vez Castelao) ou “Ao lonxe a voz do amigo que perdimos” (Castelao ou Bóveda ou todos) chántanos neste insospeitado colofón a memoria e a resistencia:

pois a todo prefiro ista morte túa  
que enche o baleiro do mundo co seu silencio.  
como enche os Chaos o toradón da neve  
e seu albo calar de xoven morte.

Mais axiña o toradón da neve (non *bianca neve scender senza vento*, coma en Cavalcanti) do nadal de 1955-56, deixará paso á primavera e a un novo ciclo. E o mesmo ano en que se publica *Bocarribeira*, na Páscoa de Padrón, na homenaxe a Ramón Cabanillas ó pé da estatua de Rosalía de Castro, recita Aquilino Iglesia Alvariño (“Na ribeira onde se fan os barcos ledos dos soños que non morren, / o seu canto arbora claras bandeiras no mencer”) e fala Otero Pedrayo desafiante das

autoridades reunindo e amalloando os exércitos dispersos da esperanza nun discurso memorábel que aínda ecoa luminoso nas xentiñas da Terra de Iria que o escoitaron. Elo a elo da cadea, alí os estaban: Rosalía, Cabanillas, Pedrayo (Castelao), Aquilino, Galaxia e os mozos das Festas Minervais e Brais Pinto, que recollen o devalar de Otero, o *werden*, para o faceren espiral.

Decíase na lapela de 1958: “*Bocarribeira* é un libro imprescindible á hora de valorar a poesía galega do século XX”. ¡Edoi lelia doura!

ANXO ANGUEIRA